

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONSORCIO AS MARIÑAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E INFORMACIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO AS MARIÑAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar co Consorcio As Mariñas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 15 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

Establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Consorcio As Mariñas para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúa a realización das seguintes centradas na promoción da Ruta do Impresionismo en As Mariñas:

1. Deseño da identidade corporativa da Ruta: deseño da imaxe de marca da ruta do Impresionismo do xeodestino da Mariñas, centrándose na figura do artista Lloréns.
2. Creación do banco fotográfico do proxecto: realización dunha reportaxe fotográfica co obxectivo de crear un fondo fotográfico para á súa utilización nas accións de divulgación, promoción e difusión da Ruta.
3. Páxina web da Ruta: a través desta plataforma divulgarase información documental sobre a obra do artista neste Xeodestino así como a Ruta do Impresionismo da Mariñas (mapa da Ruta), biografía Lloréns, bibliografía de interese, enlaces web ás páxinas de referencia do autor, novas de interese sobre o proxecto. A web estará dispoñible en inglés, castelán e galego para facilitar a súa promoción a nivel estatal e internacional.
4. Folleto da Ruta do Impresionismo das Mariñas: Destinado ao reparto en ámbitos de promoción turística, centros educativos, bibliotecas, asociacións, medios de comunicación e

poboación en xeral; o seu obxectivo é chamar a atención de tódolos sectores interesados e a cidadanía en xeral sobre a importancia do territorio das Mariñas como fonte de inspiración para un artista de recoñecido prestixio a nivel internacional como é Francisco Lloréns Díaz.

5. Unidade didáctica : Unidade Didáctica: O público obxectivo e os contidos deste material están dirixidos para o reparto en ámbitos de promoción turística, centros educativos, bibliotecas, asociacións e poboación en xeral. A Unidade Didáctica constitúe un auténtico recurso turístico, pedagóxico e social. Realizarase unha campaña especial de divulgación nos Colexios e Institutos de Educación Secundaria das Mariñas, co obxectivo de impulsar a Ruta do Impresionismo e difundir o carácter diferenciador deste Xeodestino e da marca Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que os Concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo.

Que no artigo 5º letra c) dos Estatutos do Consorcio das Mariñas, referente o obxecto e fins do Consorcio, establécese como obxectivo deste asumi-la execución de obras, plans, programas ou proxectos, que as entidades consorciadas ou outras administracións públicas acorden encomendarlle, para a xestión de servizos e actividades de interese público e común, así como a súa creación, instalación e prestación parcial ou integral.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover o turismo no xeodestino de As Mariñas, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia, no seu programa 761A.

Terceiro.- As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo en As Mariñas, contribúen á potenciación do xeodestino que configura o ámbito desta comarca e á súa consolidación como destino turístico emerxente, xerador de emprego e redistribuidor de riqueza. Ao mesmo tempo, dáse continuidade á colaboración establecida entre Axencia Turismo de Galicia e este Consorcio a través do Plan de Dinamización do Produto Turístico da Área Metropolitana de A Coruña que foi xestionado a través do Consorcio As Mariñas.

O territorio do Consorcio As Mariñas conta cuns valores endóxeos de alto valor natural e cultural que a converten nun destino único: a súa diversidade natural, o seu legado patrimonial histórico – artístico ligado ao modernismo, e a súa enogastronomía constitúen vantaxes competitivas.

Cuarto.- A través deste convenio, outórgase Consorcio As Mariñas unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos